

Publicidad

AXENDA

Augal 2024-2025: Proxección da película 'La Parra', de Alberto Gracia

 [Engadir ao meu calendario](#)

05 de febreiro de 2025






 De 16:00h a 19:00h

 [Facultade de Comunicación, Pontevedra](#)



Imaxe da película 'La Parra', de Alberto Gracia

Comparte o artigo en:

eb:     

A **Máster Class Audiovisual Galego Augal** proxecta a película **La Parra, de Alberto Gracia**. Será o mércores 5 de febreiro, ás 16:00 horas, na Facultade de Comunicación do campus da Xunqueira.

Esta longametraxe, premiada recentemente na Seminci de Valladolid, será presentada pola produtora e profesora da facultade Beli Martínez.

La Parra transcorre en Galicia e céntrase nas desventuras dun home que viaxa ao pobo no que naceu a tirar ao mar as cinzas do seu pai falecido.

Damián (Alfonso Míguez) regresa ao seu natal Ferrol por mor da morte do seu pai e hospédase na pensión 'La parra', onde el adoitaba vivir.

Desde que pon un pé na cidade, dáse conta de que a xente o está confundindo con Cosme, un guía que desapareceu e do que Damián non sabe nada.

A entrada a esta proxección é de balde e non é necesaria reserva.

Facultade de Comunicación, Pontevedra

Máis eventos

